



**CONCELLO DE
CUNTIS**



**BASES REGULADORAS DO
PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS
MUNICIPAIS DE APOIO AO ESTUDIO PARA O CURSO
2026/207 CON DESTINO A FAMILIAS EN SITUACIÓN**

DE DIFICULTADE SOCIO-ECONÓMICA

1. FUNDAMENTACIÓN LEXISLATIVA E RÉXIME XURÍDICO:

As axudas ó estudio contémpanse como unha prestación social no marco das Axudas de Emerxencia Social polo seu carácter extraordinario e finalista. As presentes bases reguladoras para a concesión de Axudas municipais ao estudio para o curso académico 2026/2027 con destino a familias en situación de dificultade socio-económica, ten a seguinte base normativa:

-Artigo 39 da Constitución Española, que establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

-A lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 60 atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais comunitarios básicos. E no artigo 21 da mesma lei, recoñécense as prestacións económicas de emerxencia social e necesidade social como esenciais, dentro do sistema galego de servizos sociais, coa finalidade de paliar situación transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

-O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 9.d) establece o programa básico de inserción social facendo referencia expresa ás prestacións económicas específicas.

-A lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, no seu artigo 8.2 b) establece que o municipio exercerá no exercicio das súas competencias a execución de programas e proxectos destinados a atención á familia.

A finalidade desta convocatoria é potenciar as condicións de igualdade no acceso ao ensino público a todos os nenos e nenas empadroados/as no concello de Cuntis, evitando desigualdades derivadas da situación económica e/ou social das súas familias, e apoiando as economías familiares máis precarias.

2. OBXECTO DA CONVOCATORIA:

2-1. É obxecto desta convocatoria establecer un réximen compensatorio de carácter social e regular o procedemento da concesión de axudas ás familias con dificultades socioeconómicas, co fin de paliar os gastos que supoñen a escolarización dos seus fillos/as matriculados no CPI Don Aurelio de Cuntis que cursen o segundo ciclo de educación infantil.

2.2. A prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos derivados da escolarización: adquisición de libros e material escolar necesario para o desenvolvemento do curso académico (fichas, mandilón, chándal, calzado de ximnasia, mochilas, material funxible,...), cunha contía máxima de 150 € por menor.

Estas axudas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade establecendo un procedemento axil, eficaz e breve no tempo.

As axudas a abonar, estarán en función do gasto realizado e xustificado, dando lugar, se é o caso, a unha minoración da contía inicialmente concedida.

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos ou privados, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos materiais subvencionados.

3. ORZAMENTO:

O orzamento destinado a este programa é de 1.800,00 €, con cargo á partida 2026.2310.4800 de gastos de emerxencia social, polo que a suma das axudas a conceder non excederá do mesmo.

No suposto de que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a priorización na concesión das axudas virá dada pola puntuación obtida, de maior a menor, despois da avaliación e baremación das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos nas presentes bases de convocatoria, ata esgotar o orzamento destinado a esta finalidade.

4. BENEFICIARIOS/AS:

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as familias empadroadas no Concello de Cuntis que teñan menores ao seu cargo, matriculados no curso escolar 2026/2027 no CPI Don Aurelio, na segunda etapa de educación infantil (de 3 a 5 anos).

5. REQUISITOS:

Para ser beneficiaria/o desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- A unidade familiar, deberá estar empadroada e ter residencia efectiva no concello de Cuntis.
- 2.- Estar matriculada/o ou ter reserva de matrícula para o curso 2026/2027, no centro escolar público deste concello nos ciclos de educación infantil.
- 3.- Convivir na unidade familiar as alumnas e alumnos para as/os que solicitan axuda.
- 4.- Que a renda per cápita (en adiante RPC) en cómputo anual sexa igual ou inferior a 9.000,00 euros, que corresponde ao 125 % do IPREM anual con 12 pagas. Enténdese por RPC familiar os ingresos da unidade familiar dividida entre o número de membros da mesma. Neste convocatoria, para os efectos de determinar a RPC familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2025. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. As persoas da unidade familiar que presenten a declaración do imposto sobre a renda do exercicio 2025, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaranse os recados da base imponible xeral e o da base imponible de aforro.

No caso de non presentar a declaración do IRPF contemplaranse os ingresos netos de todos os membros da unidade familiar

Considérase UNIDADE FAMILIAR a formada polo nai, pai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e fillas/os solteiras/os da/o solicitante, menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar ata a data de publicación da presente convocatoria. Situación de separación transitoria motivadas por razón de estudo, traballo, tratamentos médicos ou circunstancias similares, non rompe a convivencia a estes efectos.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considera membro computable aquel/a que non vive no domicilio, agás no supostos de custodia compartida que se incluírán ambos proxenitores dentro do cómputo anual.

Nos supostos de acollemento familiar, aplicaránse os mesmos criterios á familia de acollida.

Considéranse INGRESOS NETOS, os ingresos totais da unidade familiar descontando o alugamento da vivenda ou cuotas dos gastos da hipoteca da mesma (primeira vivenda) , sen que estes superen os 500,00 €/mes, tamén descontarase da base de ingresos aqueles gastos xustificables derivados de tratamentos por enfermidades, discapacidades e/ou situacións de dependencia que non estean contemplados do sistema público de saúde.

No caso de que se produzan variacións substanciais na capacidade económica da unidade familiar en relación coa que consta na declaración do IRPF do 2025, deberán manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ao primeiro semestre de 2026.

5. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención e/ou axuda de inclusión social concedida polo concello de Cuntis no exercicio 2025.

6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria/o, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. Presentar a solicitude e a documentación no prazo e forma legal establecida nas presentes bases.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E BAREMO:

a) Situación económica: Por cada tramo de 10 € por debaixo do límite de acumulación de recursos: 2 puntos

b) Nº de membros da Unidade Familiar: por cada membro que compoña a unidade de convivencia 2 puntos por cada un deles.

c) Nº de membros da Unidade familiar cursando estudos no presente curso académico: 3 puntos por cada fillo.

d) Problemática Social:

d.1.- Situación de desemprego de 1 proxenitor: 4 puntos

Situación de desemprego dos proxenitores: 12 puntos.

d.2.- Familias beneficiarias de RISGA, programa de alimentos, inclusión social..: 5 puntos

d.3.- Familias incluídas no programa de educación familiar: 5 puntos

d.4.- Familias monoparentais ou familias numerosas: 5 puntos

d.5.- Familias na que algún membro teña unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65% ou estea valorado como persoa dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2009, de 14 de decembro: 5 puntos

d.6.- Violencia de xénero: 10 puntos

7. DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude segundo modelo normalizado.
- Fotocopia do DNI do/a solicitante, pasaporte ou NIE vixente.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Xustificante da matrícula.
- Copia da declaración do IRPF do exercicio 2025.
- As persoas que formen parte da unidade familiar en idade laboral, e que non traballe, deberán presentar informes actualizados de vida laboral
- Xustificantes do aluguer ou amortización da vivenda e se é o caso dos tratamentos derivados de enfermidades, discapacidade e/ou dependencia.

- Xustificantes da condición de persoa dependente ou con discapacidade.
- Certificación da conta bancaria da persoa solicitante.

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- As bases da convocatoria anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web do concello de Cuntis e no Taboleiro de Anuncios. Tamén elaboraranse bandos informativos.

- Estas bases remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será que lle de traslado ao BOPPO do extracto desta.

- O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincial do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e rematará o día **2 de outubro de 2026**. Non se admitirán solicitudes fora de prazo.

- As solicitudes de bolsas complementarias ao estudo xunto coa documentación presentaranse, preferiblemente, por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cuntis, Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Deberán presentar a solicitude xunto coa documentación referida na base sétima das presentes bases.

9. PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES:

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, estas serán avaliadas pola traballadora social do Concello, de conformidade cos criterios de avaliación que figuran nesta bases, quen propondrá a Lista Provisional de Beneficiarios/as á Alcaldía ou Xunta de Goberno Local quen elevará a Definitiva, se procede.

10. XUSTIFICACIÓN E PROCEDEMENTO DAS AXUDAS:

A forma de pagamento será mediante transferencia bancaria na conta que determine a persoa solicitante.

Abonarase o importe concedido previa presentación da correspondente factura por parte do/a beneficiario/a, e que corresponda ao material escolar de cada curso, a nome da persoa solicitante.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS AO ESTUDO CURSO 2026/2027

1.- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME:	DNI:
------------------	------

EN CALIDADE DE (nai, pai, titora/o,...):	PROFESIÓN / ACTIVIDADE LABORAL:
ENDEREZO:	TELÉFONOS:

2.- MENORES DESTINATARIOS

APELIDOS E NOME	CURSO/CICLO

3.- OUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (excluir aos menores do apartado anterior)

Nº	APELIDOS E NOME	IDADE	ESTAD O CIVIL	PARENTESCO CO SOLICITANTE	ACTIVIDADE
1				SOLICITANTE	

Declaro que son certos os datos que constan na solicitude, non existindo omisión ou ocultación, e son consciente de que a falsidade ou ocultación dos mesmos darán lugar á anulación da solicitude.

Cuntis , de de 2026

Asdo.:.....

A los efectos de lo previsto en la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección Datos de Carácter Personal y en el Real Decreto 1720/2007 del 21 de diciembre por lo que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Lei Orgánica 15/1999, el AYUNTAMIENTO DE CUNTIS informa que Los datos facilitados por usted, serán incluidos en un fichero denominado **ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIALES** con la finalidad de promoción y desarrollo de actividades en materia de servicios sociales, bienestar e igualdad, educación y cultura. Los datos serán cedidos a otros Órganos de la Administración del Estado, Autonómica o Local, Asociaciones y Organizaciones sin ánimo de lucro, Entidades públicas o privadas que colaboren en servicios sociales en los supuestos previstos legalmente. Puede ejercitar los derechos que le asisten de acceso, rectificación, cancelación y oposición tanto en relación con el tratamiento de datos realizado por el CONCELLO DE CUNTIS realizando una comunicación escrita a la Praza da Constitución, s/n, 36670, Cuntis Pontevedra, adjuntando fotocopia del DNI o documento análogo.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS

DOCUMENTACIÓN PARA SOLICITAR AXUDA AO ESTUDO 2026/2027

- 1.- Solicitude segundo modelo normalizado.
- 2.- Fotocopia do DNI da persoa solicitante, pasaporte ou NIE vixente.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia completo

- 4.- Xustificante da matrícula ou reserva de praza.
- 5.- Copia da declaración da renda do ano 2025, das persoas da unidade familiar.
- 6.- As persoas que formen parte da unidade familiar en idade laboral, e que non traballen, deberán presentar informes actualizados da vida laboral.
- 7.- Xustificantes do aluguer ou das cuotas dos gastos de hipoteca daa vivienda, e si procede xustificantes dos gastos de tratamentos derivados de enfermidades, discapacidades e/o dependencia, que no estean contemplados no sistema de saúde pública.
- 8.- Xustificante da condición de persoa dependiente ou con discapacidade.
- 9.- Certificación da conta bancaria da persoa solicitante.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona: _____, con DNI nº _____,

Como solicitante das axudas ao estudo para o curso 2026/2027, promovidas polo concello de Cuntis,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non estou incurso/o en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencions conforme ao artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencions e coñezo e acepto as bases da convocatoria.
- Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias do Concello de Cuntis.
- Que non recibín subvencions ou axuda, para o mesmo concepto, por parte de organismos públicos ou privados.
- Que no caso de percibir axuda polol mesmo concepto, indicar a entidade e contía económica _____ percibida _____ ou concedida _____

Cuntis, ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DEL CONCELLO DE CUNTIS

